

A VOLTAS COS MAUSOLEOS ASINADOS POR
XOSÉ CERVIÑO GARCÍA,
O ALCUMADO POR CASTELAO, “PEPE DA PENA”

Estanislao Fernández de la Cigoña e Núñez

A Eugenio Eiroa Hermo, investigador cangués, humilde, pero sublime nos resultados, que soubo insuflar en min a paixón polos *Cerviño*.

INTRODUCCIÓN

Publicabamos nesta mesma revista, no número 17, un artigo titulado: *Dúas aportacións ó catálogo dos Cerviño: o panteón de Antas (A Lama) para Xosé e maillo cruceiro xubilar do Poste da Franqueira (A Cañiza) para Ignacio*. Daquela, falabamos polo miúdo do achado dun mausoleo coa sinatura explícita do escultor de Aguasantas (Cotobade), Xosé Cerviño García (Fernández de la Cigoña Núñez, 2002a) no camposanto da parroquial de Santiago de Antas. Ata aquel momento, cremos que esa era a única obra en pedra de carácter funerario que amosaba gravado o caritel da súa indubidable paternidade.

Soamente atopamos unha obra monográfica que trata sobre o santuario de Aguasantas que é da autoría de Frei Andrés María Solla (1969) e que

leva este longuíssimo enunciado: *Resumen histórico del Santuario de Nuestra Señora de Aguasantas –Cotovade– y novena a la misma Santísima Virgen* e nela non hai nin unha soa palabra para o cemiterio que rodea a igrexa polos catro costados, deixando de lado, o autor, as calidades artísticas dos Cerviño dedicados á pedra e nados naquela parroquia, entre os que destacan coma fachos: Antonio, Ignacio e Xosé.

Vinte e cinco anos despois de que vise a luz aquel opúsculo, o profesor cotobadés Antón Fraguas e Fraguas (1974), cando fala na *Gran Enciclopedia Gallega* de Xosé Cerviño García, ó único da saga dos que levan tal apelido que aparece nas súas páxinas, comenta brevemente, en relación á súa faceta de constructor de mausoleos que: *y en su Aguasantas de origen le corresponde la reparación de la iglesia, que conserva alguna imagen de su talla, así como varios panteones que sobresalen en el conjunto del cementerio parroquial*, pero non especifica nin cáles foron as tallas, nin enumera os panteóns destacados daquel camposanto católico e aldeán.


Imaxe de Pepe da Pena, tomada do traballo de Xulio Fernández Pintos: "A obra de Xosé Cerviño García en Ponteareas", que apareceu publicada na revista ponteareá "Pregón", correspondente ó ano 1999.



A posición realmente encumiada de Xosé respecto ós outros Cerviño naturais tamén da mesma parroquia de Aguasantas, e estámonos a referir en concreto a Antonio Cerviño Couceiro, pero sobre todo ó seu fillo: o escultor Ignacio Cerviño Quintero, e que nada tiñan que ver con Xosé, agás a igualdade do apelido primeiro e a súa relación de veciños distantes, pois pertencían, incluso, a diferentes aldeas, aínda que ambas dentro da mesma parroquia, nace da adxudicación errada que dende o petrucio Castelaio (1949) lle vén en atribuí-la paternidade sobre o cruceiro de desencravo de Hío (Cangas-Pontevedra), en detrimento de Ignacio, que foi quen realmente o fixo, como ben puxo de manifesto por activa e por pasiva, aínda que con poucos seguidores por agora, o grande investigador cangués Eugenio Eiroa Hermo (1964), *Colaborador* –(asiduo, engadiríamnos nós)– *do Museo de Pontevedra*, e a quen, agarimosamente, estamos a dedicar este pequeno traballo, nun artigo que el mesmo titulou: *El cruceiro de Hío, verdadera maravilla*, e que apareceu publicado hai case corenta anos, no xornal *Faro de Vigo*.

OS CEMITERIOS DE HOXE, UN INVENTO DE TRASANTONTE

Podemos asegurar que os santeiros de antes, e estamos a falar dos séculos XIX e XX, pois anteriormente non existían cemiterios en Galicia, polo menos tal como hoxe os entendemos¹, eran remisos a deixa-la súa pegada nas obras que facían, principalmente se estas se situaban nos camposantos, e tiñan, polo tanto, un carácter funerario. Pola contra, sempre hai pequenas excepcións que como ben din confirman a regra, e nós coñecemos algúns mestres canteiros daqueles séculos e daquelas terras e estámonos a referir exactamente ás mesmas que viron nacer o noso protagonista, que deixaron o seu caritel sobre lugares máis ou menos destacados de certos panteóns para que ficase, primeiro, constancia da súa feitura e, segundo e sobre todo, como medio ou lugar de propaganda útil, por se a alguén lle interesaba realizar un encargo no que poder traballar, tivese este carácter funerario ou non. O mausoleo asinado desta maneira, funcionaba, pois, ante os demais como unha mostra permanente do que era capaz de facer aquel que de tal xeito se presentaba ante



A tumba que o mestre Xosé Cerviño García fixo para o seu permanente repouso, no camposanto de Aguasantas (Cotobade), atópase agora moi modificada e pouco ten que ver co proxecto orixinal, pois os seus descendentes engadironlle co paso do tempo un segundo andar, que dende logo non figuraba na mente do escultor cotobadés e que rachou, definitivamente, a harmonía de todo o conxunto. Detalles, coma tapas enmarcadas con dobre arco, columnas rectangulares simuladas cada dous nichos e rematadas en falsos capiteis, orlas a modo de cordóns percorrendo toda a parte superior, de banda a banda, tellado plano con molduras á fronte, case non se aprecian por esta causa. Todos estes adobios son produto da meticulosidade e bo facer coa que traballaba este home, que cando traballou para si tampouco aforrou esforzos nas pequenas cousas que lle podían agradar á vista do visitante nun lugar sempre tristeiro de máis como son os cemiterios.

os usuarios do camposanto, que eran, practicamente, tódolos habitantes da parroquia e outros moitos das veciñas que mantiñan entre si unha forte relación de amizade, moitas veces reforzada por lazos de parentesco.

O cura párroco ou señor abade, como lle din aínda na maioría das aldeas de Galicia, sobre todo cando acadan unha certa idade, sempre era un bo e imprescindible intermediario, pois non cabe pensar en que ninguén da freguesía, sobre todo naqueles tempos nos que a presenza da Igrexa era completa, fixese un panteón sen consultar con el, que proporcionaría as consellas precisas sobre o constructor, o tipo de obra a levantar, os epígrafes a pór, etc. O veto do cura impediría por completo as posibles actuacións neste sentido. Debido a isto, atopámonos, ás veces, con que diferentes santeiros fan doazón de cruceiros feitos por eles á

propia igrexa parroquial á que pertencen e da que, moitas veces, tanto dependen para sobrevivir no día a día.

O ESCULTOR XOSÉ CERVIÑO GARCÍA MAILLO SEU TEMPO

Xosé Cerviño García, máis coñecido, segundo indicaba o propio Castela (1949) polo alcume de *Pepe da Pena*, naceu na aldea deste último nome: A Pena, pertencente á parroquia de Santa María de Aguasantas (Cotobade-Pontevedra), o día 23 de maio de 1843. Era fillo lexítimo de Manuel e Rosalía. Morreu o 4 de xaneiro de 1922, ós 79 anos de idade no mesmo lugar en que nacera. Os seus restos mortais descansan dende entón no cemiterio parroquial de Aguasantas, no mausoleo que el mesmo se construíu, expresamente, para albergalos *in eternum*.

Parte que se reservou o mestre Xosé Cerviño para si e para os seus no panteón que el mesmo construíu no cemiterio parroquial de Aguasantas e detalle do letreiro que anuncia a súa propiedade en exclusiva.



O PANTEÓN DE XOSÉ CERVIÑO EN SANTA MARÍA DE AGUASANTAS

A súa sepultura, contra o que cabería pensar a priori, carece de pretensións, sendo máis ben humilde, pois o seu artífice, que fixo fermosísimos panteóns pola bisbarra, levantou para o descanso dos seus propios ósos e os dos seus achegados no camposanto rural de Santa María de Aguasantas, pola banda dereita deste e pegado ó muro que delimita o noiro do adro da igrexa parroquial, un panteón sinxelo, dun só andar², que ten pola parte baixa un banco corrido sobre o que se alían seis nichos de idénticas características. Aparecen todos adobiados, na súa parte alta, por un cordonciño con botóns e follas que percorre de esquerda á dereita o conxunto enteiro, coroándose por unha peza única que a modo de remate enlaza por cada banda dúas espirais, saíndo da maior delas un abrocho, ou, mellor dito, unha flor semiaberta. Ó lado dereito deste adobío vese, na actualidade, un prisma rectangular, colocado deitadamente na parte máis alta, no que aparece escrito en letras ben visibles e pintadas en mouro para quen queira ler e saber, que o devandito panteón é da exclusiva:

*“PROPIEDAD
DE
JOSÉ CERVIÑO”*

Na parte esquerda, que se reservou para el e a súa prole, aparecen enterrados algúns membros da súa familia. Segundo as lápidas de mármore que cobren as cabeceiras dos nichos e que as nomean explicitamente, a súa distribución é, na data que visitámo-lo devandito cemiterio: 15 de agosto de 2002, da seguinte maneira, numerando os enterramentos de esquerda á dereita e de arriba abaixo, segundo os vemos de fronte:

	1.º nicho	2.º nicho	3.º nicho
2.º andar:	Sen epígrafes á vista	Sen epígrafe á vista	Sen epígrafes á vista
1.º andar:	ERUNDINA MUÍÑOS GARCÍA + 12-3-78 DEP RDO. DE SUS HIJOS	Sen epígrafes á vista	AQUI YACEN LOS RESTOS VALENTIN CERVIÑO FALLECIDO EN 1880 A LOS 33 AÑOS R.I.P. Y DE ROSALÍA GARCÍA FALLECIDA EN 1882 A LOS 65 AÑOS Y DE TELESFORA PENA FALLECIDA EN 1889 A LOS 49 AÑOS
Ras do chan: (osarios)	Sen epígrafes á vista	Sen epígrafes á vista	Sen epígrafes á vista



Panteón feito polo mestre Miguel Ogando e Rei para Xosé Garrido áchase, actualmente, no cemiterio novo de Carballedo (Cotobade). O nome do escultor aparece anunciado na parte superior da obra, baixo o cadaleito exento, nunha placa de pedra de feitura irregular, a xeito de carteleira. A profundidade das letras e o seu tamaño permiten unha lectura cómoda do nome do propio artífice. A imaxe do meniño Xesús na parte alta, suxire que, o panteón, foi construído expresamente para un fillo do patrocinador, morto prematuramente.

Decatámonos axiña, polo tanto, que co paso do tempo, a placa que debería ter gravado o nome do seu propietario e creador, indicando dunha maneira semellante ás outras, a data da súa morte, os anos que viviu, etc. desapareceu para sempre, xa que en ningún destes nichos se ve explicitamente citado o mestre da pedra, aínda que estamos seguros de que se debe atopar enterrado neste mesmo panteón que leva gravado o seu nome na parte alta como propietario exclusivo, se cadra, pensamos nós, pasou a ocupar algún dos nichos situados a ras do chan, por debaixo do banco corrido, e que funcionan, agora, como sinxelos osarios dos enterramentos antigos da súa estirpe.

ALGÚNS ANTECEDENTES A ESTA FORMA POUCO ORTODOXA DE ACTUAR

Non son moitos os artesáns da pedra que asinaron os panteóns que lles encargaba a xente poderosa das cidades, vilas e aldeas, pero atopamos algúns que escaparon da norma. En *Buscando a González, atopámonos con Gómez* xa deixamos anotados algúns destes artífices (Fernández de la Cigoña & Loira, 2002c) que utilizaban este procedemento para se anunciar sen reparos. Así, antes

de que Xosé Cerviño García utilizara as tumbas dos seus patrocinadores a xeito de valos publicitarios, xa o facía, por exemplo, Miguel Ogando que non tivo ningún problema en asina-la sepultura de Xosé Garrido:

*FUE
MAESTRO MIGUEL
OGANDO Y REI"*

que se acha agora no cemiterio novo de Carballedo, neste mesmo concello de Cotobade². Posterior no tempo ó noso artista da pedra é o mestre Francisco García Sobral, que fixo o seu propio túmulo no ano 1921, compartindo a parte esquerda con Villarmino Penelas Seijo, e que neste mesmo camposanto de Carballedo asina sobre a súa propia sepultura, antes de ocupala definitivamente:

*"FUE MAESTRO
FRAN^{co} G^{ca} SOBRAL"*

que parece enteiramente copiado, na forma de expresarse, do anterior. Así, deducimos que nesta tarefa de se anunciar utilizando como soporte publicitario os bens dos demais, non foi o mestre canteiro Xosé Cerviño García pioneiro, nin tampouco, dende logo, o último en practicala³.



Parte posterior da sepultura do mestre Francisco García Sobral que aparece asinada polo seu artífice. Data do ano 1929. Camposanto de Carballedo (Cotobade).

XOSÉ CERVIÑO E OS MAUSOLEOS ASINADOS POR EL

Ata o momento, soamente sabemos de dous panteóns asinados por Xosé Cerviño García, trátase do de Santiago de Antas, no concello da Lama e mailo de Aguasantas (Cotobade) que pertence, segundo reza o cartel, a don Xosé Lopo Piñeiro, capitán farmacéutico, hoxe herdeiros.

Non tiñamos ata agora elementos para poder asegurar cál dos dous panteóns, que gardan entre si unha certa semellanza arquitectónica, se fixo primeiro, pois no traballo sobre o túmulo de Antas que fixemos anteriormente e do que falamos ó comenzo deste artigo (Fernández de la Cigoña Núñez, 2002a) non fomos quen de proporcionala data con exactitude, por aparecer esta practicamente borrada. Agora, sabemos que o de Antas é soamente dous anos máis vello có de Aguasantas, que se fixo, segundo o seu epígrafe, en 1878.

O panteón de Eiras no cemiterio de Santiago de Antas (A Lama), 1878

Xosé Cerviño García, o alcumado *Pepe da Pena* por Castela, fixo o mausoleo que asinou na

parroquia de Santiago de Antas cando contaba con 33 anos de idade. Sobre este panteón, que ten a súa sinatura na tapa dereita, segundo o vemos de fronte, pouco imos engadir agora, posto que foi suficientemente descrito por nós no número 17 desta mesma revista e remitimos ó lector interesado para aquela publicación. Este mausoleo, coñecido actualmente polo de *Eiras*, parece ser, segundo recollemos na aldea de Antas, que se fixo, en principio para dúas familias. Unha sería a do médico local: don Manuel Gómez Martínez⁴ e outra a do ebanista: Lino Villanueva, *Lino da Eira*. O doutor, despois da súa feitura, encargoulle a *Pepe da Pena* outro panteón de máis capacidade, aínda que tamén bastante menos artístico, e que figura na banda dereita do camposanto de Santiago de Antas, gardando unha certa similitude co que lle fixera en Santa María de Aguasantas, para o capitán de farmacia Xosé Lopo Piñeiro e que se achaba ó carón do seu propio. Sen embargo, nin o doutor Gómez, nin o carpinteiro Villanueva parecen te-los seus nomes recollidos e gravados na tapa do cadaleito exento no que remata o panteón de *Eiras*⁵.



Panteón feito no camposanto de Santiago de Antas (A Lama) polo mestre Xosé Cerviño García e que aparece asinado por el na tapa de pedra situada á man dereita do cadaleito exento no que remata aquel.

Seguindo un pouco a estrutura da parte dedicada neste traballo ó panteón de Aguasantas, esbozaremos os diferentes apartados para cubrir, minimamente, a información que precisamos ó tempo que proporcionamos algunhas novidades que podemos obter durante as visitas que lle fixemos nos últimos meses.

Situación do mausoleo dentro do camposanto

O panteón fica case pegado á parede posterior da ábsida da igrexa parroquial de Santiago de Antas (A Lama). Se o que fixera o mestre Cerviño para o capitán Lopo, en Aguasantas, estaba de perfil, este, porén, atópase lateralmente montado. A parte traseira, que está moi preto da parede da igrexa e que polo tanto non resulta visible ó observador, vese pouco traballada.

Sinatura do artífice Xosé Cerviño García

Na tapa de granito que cobre o cadaleito superior pola banda dereita, a máis de tres metros de altura sobre o chan, só se fan medianamente perceptibles os tres últimos parágrafos, sendo o primeiro practicamente imposible de ler, así como a


metade do segundo. Estas palabras, agora desaparecidas, transcribímo-las en letras subliñadas. Despois de varias visitas levadas a cabo a primeiros de setembro de 2002, buscando as mellores condicións de luz ambiental cremos que o epígrafe gravado polo mestre Cerviño estaba composto dos seguintes termos:

Situación	Gravación	Interpretación
1.º parágrafo:	<u>"SANTOS LOPEZ</u>	<u>(SANTOS LÓPEZ</u>
2.º parágrafo:	<u>Y ANTº ALVAREZ</u>	<u>E ANTONIO ÁLVAREZ</u>
3.º parágrafo:	1876	1876
4.º parágrafo:	Mtº.	MESTRE
5.º parágrafo:	J. CERVIÑO"	XOSÉ CERVIÑO)

NOTA. As palabras subliñadas poderían admitir outras interpretacións diferentes ás dadas por nós neste lugar, pois a súa gravación resulta moi deficiente.

Os números que sinalan a data de execución son dun tamaño superior ó dobre ou máis das letras do resto do epígrafe. O artífice do mausoleo fica, desta maneira, perfectamente identificado, como dixemos no seu momento. A finura da gravación, a pequenez das letras empregadas, así como a

Practicamente iguais ó mausoleo de Eiras, en Santiago de Antas, atopámo-lo de Valongo, propiedade de María Iglesias, e o de San Pedro de Lantaño (Portas), este aínda por identificar e que atribuímos, tamén ó mestre Xosé Cerviño García. Na fotografía o mausoleo de San Andrés de Valongo (Cotobade) cuspidiño ó de Santiago de Antas.



forza demoledora dos elementos meteorolóxicos actuando durante século e cuarto, ó que debemos engadir por riba o emprego por parte do artífice dun granito non demasiado duro, acabaron por estraga-la lenda dun xeito practicamente definitivo.

Descrición do mausoleo de Santiago de Antas

O monumento ten por alicerce dous nichos superpostos que se adobían de columnas cilíndricas nas esquinas e que serven de base a un cadaleito completamente exento, que se coroa, á súa vez, por unha cruciña de sección redonda que aparece sobre pousadoiro de botóns e follas enlazados por unha cinta. Esta cruz, cunha coroa entre os brazos, inscribe un corazón, e dela saen multitude de raios en tódalas direccións. Esta última parte é a que lembra con máis fidelidade ó mausoleo do capitán Lopo, en Aguasantas, e podemos dicir que é coincidente punto por punto con aquel, agás no tamaño. De calquera maneira, hai outros panteóns coma este de Antas que son atribuídos nos lugares que se achán ó mestre Xosé Cerviño García, e que resultan ser unha copia cuspidiña do acabado de

describir. Referímonos ó de María Iglesias, no cemiterio parroquial de Santo André de Valongo (Cotobade), así como ó que se atopa no campo-santo de San Pedro de Lampón (Portas), e que coñecemos dun xeito persoal. O primeiro dos reseñados carece da sinatura do mestre e no segundo, dadas as dificultades que presenta a súa lectura, nada podemos dicir polo momento.

Medidas acadas polo mausoleo

A altura total é de 4,62 m, polo tanto resulta algo maior có do capitán Lopo, en Aguasantas, que na súa cota máxima acada soamente 3,98 m. A cruz de coroamento e a base sobre a que se eleva ten 1,23 m de altura, dos que corresponden estrictamente á cruz 44 cm, sendo a súa envergadura de 21 cm. O perímetro (circunferencia) do pao é de 20,5 cm. O cadaleito exento, incluídos os pés esféricos sobre os que se apoia mide 1 m de altura; 1,32 m de fronte e 62 cm de ancho. Daquela, con estas escasas medidas nunca albergou cadáver ningún e a súa figura non pasa de ser un elemento decorativo da obra.



Parte dianteira e lateral dereita do mausoleo do capitán Xosé Lopo Piñeiro, situado na esquina dereita da ábsida da igrexa parroquial de San María de Aguasantas. Está formado por catro nichos que fan de base e outro superior, centrado sobre os anteriores e, polo tanto, exento do conxunto, coroado por unha cruciña cilíndrica e lanzal. A procesión, presidida pola Virxe de Aguasantas, pasa xustamente por diante del na festividade da Asunción de María.

Por último, os alicerces e sepulturas superpostas miden 2,32 m de altura; 2,25 m de fronte e 1 m de ancho.

Estado de conservación e uso do panteón

O seu estado actual débemolo de cualificar de regular, tirando a malo, pois atopamos diversos danos e arranxos pouco afortunados que foron deturpando pouco a pouco a súa estrutura orixinal. Entre eles, destacamos que a tapa esquerda do cadaleito exento no canto de ser de pedra (como a fixera o mestre Cerviño) é de tixolo, que a cruciña de coroamento ten os extremos de ambos brazos partidos, por iso acada a cruz tan pouca envergadura: 21 cm, cando debería ter case o duplo, tal como mide a de Aguasantas ou, polo menos, aproximarse a ela. Este detalle (a rotura dos brazos) non se aprecia dende o chan e precísase subir enriba do panteón para se decatarse. Por último, debemos salientar que o epígrafe da tapa dereita do cadaleito exento, o único que hoxe segue a conserva-lo sepulcro, tense que dar practicamente por extinguido, pois só se alcanza a le-lo ano e a sinatura de Xosé Cerviño, e iso,

nada máis que cando as condicións de luz ambiental son as máis adecuadas. En canto á utilidade que segue a lles reporta-lo panteón ás familias que actualmente posúen esta propiedade completamente abandonada é nula. A falta de epígrafes modernos nas partes baixas do mausoleo, utilizadas exclusivamente como lugares de enterramento, así parecen confirmalo de maneira concluínte.

Panteón do capitán Lopo Piñeiro, no cemiterio de Santa María de Aguasantas (Cotobade)

O terreo elixido pola familia do seu patrocinador está, curiosamente, moi preto do que el mesmo ocuparía tras o seu pasamento, na mesma rúa do camposanto, pero en distinta man. Leva o seu nome gravado na parte superior, no mesmo elemento no que anuncia a propiedade do capitán Xosé Lopo Piñeiro. Mentres o panteón dos Cerviño non amosa méritos realmente destacables, como xa antes dixemos, o que fixo para o militar farmacéutico chama axiña a atención do visitante que se achega a aquel camposanto aldeán, onde o mestre canteiro se atopa enterrado



*Óvalo, no que se pode apreciar na parte
baixa: "LO HIZO JOSE CERVIÑO".
Mausoleo do capitán Lopo, no
camposanto de Aguasantas (Cotobade).*

dende o ano 1922, no que aconteceu o seu pasamento.

Situación do mausoleo dentro do camposanto

Pegado ó ángulo dereito da ábsida do santuario de Santa María de Aguasantas, que á súa vez é igrexa parroquial, vemos un pequeno mausoleo que non pasa desapercibido pola finura das súas liñas e a esvelteza do conxunto, que o converten na obra máis destacada daquel pequeno cemiterio rural. Hoxe en día, este monumento atópase bastante distorsionado na súa parte baixa, onde enterramentos recentes modificaron o aspecto exterior da fachada dianteira, ficando, pola contra, as caras laterais e traseira tal como foran proxectadas nun principio.

Sinatura do artífice Xosé Cerviño García

Nun óvalo independente, enmarcado por dous leóns rampantes que o sosteñen polas bandas a modo de escudo nobiliario, puidemos, non sen algunha dificultade, saber que o panteón que estamos a ollar con curiosa atención era, segundo a inscrición coa que se cobre:

*"DEL CAPITAN JOSE LOPO PIÑEIRO – 1878– LO HIZO
JOSE CERVIÑO"*

Esta mensaxe, lacónica de máis, para facer máis difícil a súa comprensión, aparece sen a separación adecuada dalgúñas palabras, o que unido á pouca fondura da gravación, ó seu trazo fino, a súa disposición na figura que a alberga, seguindo a curvatura interior do óvalo, a distancia á que se acha do chan (máis de dous metros e medio) e as manchas da pedra imposibilita por completo a súa lectura, así que nos vimos obrigados a facermos unha nova visita transportando nós mesmos unha escaleira de man para poder achegarnos ó epígrafe con algunha comodidade e conseguí-la súa transcrición.

O que máis destaca naquel letreiro, aínda que a medias, polo que a continuación diremos, é a data da súa feitura: "1878", que aparece colocada na metade do óvalo, en letras que acadan un tamaño maior do triplo cás do resto do epígrafe, pero no que os últimos números se distinguen francamente mal, pois a pedra que os contén está diversa e irregularmente manchada, polo que os trazos máis que



Detalle dunha das columnas que limitan o sarcófago exento polas esquinas, no que se aprecia sensiblemente a diminución do fuste na parte alta. Mausoleo do capitán Lopo, Aguasantas (Cotobade).

lelos hai que adiviñalos, sobre todo os referentes ás unidades e decenas, que son realmente os que sitúan o monumento que Xosé Cerviño García fixo para o capitán Lopo Piñeiro no contexto da historia local de Aguasantas e no catálogo productivo do autor. Por esta causa, de non levarmos unha escaleira, seríamos incapaces de proporcionar tanto a data correcta que está a sinalala feitura do devandito panteón coma o resto do letreiro.

Descrición do mausoleo de Xosé Lopo Piñeiro

Trátase dun panteón de proporcións discretas que presenta como base dous andares con dous nichos en cada un deles, coroado por un cadaleito de pedra, exento, que repousa directamente sobre a parte media dos nichos superiores que lle serven de base. Presenta esta zona alta do monumento, tanto por diante coma por detrás, dúas pequenas columnas cilíndricas (en realidade son tronco-cónicas, pois perden algún grosor na parte superior), coroadas por un capitel que amosa un botón central e espirais nas esquinas, así como dúas bandas de follas que se unen por debaixo nun avultado colar. A fachada posterior do mausoleo, que

está case pegada á parede da igrexa e que polo tanto é imposible de ver dende o camiño, pois os nichos situados a dereita e esquerda deste panteón impiden o paso, segue puntualmente a estrutura da parte dianteira.

Mirando cara á fronte e por riba do cadaleito exento vese o óvalo do que xa falamos, collido nas bandas polas gadoupas dos leóns e que anuncia tanto a propiedade da obra coma a súa feitura. Esta peza, por completo independente, acouga sobre a superficie dos túmulos sen estar pegada a elas. Aparece franqueada por dous pináculos piramidais que rematan nunha pequena bóla situada sobre a cúspide.

Na zona central deste cadaleito e por riba del vese unha cruz cilíndrica que presenta os extremos tanto dos brazos coma do testeiro biselados. Algúns pequenos saíntes distribuídos ó longo dos paos coma se fosen nós, seméllano a un tronco de árbore. A mosca, na intersección dos paos, unha dobre coroa de espiñas, na que se inscribe un corazón e da que saen curtos raios cara todas partes. Fínase sobre unha gran bóla que, á súa vez, descansa sobre un pousadoiro octogonal que enla-

Detalle do pousadoiro da cruz, con botóns florais nos extremos e follas enlazadas por unha cinta. Cruz cilíndrica, biselada, que mantén entre os brazos unha dobre coroa cun corazón do que saen numerosos raios. Parte superior do mausoleo do capitán Lopo, no camposanto parroquial de Santa María de Aguasantas (Cotobade).



za, pola parte inferior, nun remate de follas e espirais abrazadas por un lazo.

Medidas acadas polo mausoleo de Aguasantas

A base do monumento, en forma de paralelepípedo, mide 2 m exactos de fronte por 2,58 m de longo e unha altura máxima de 1,64 e mínima de 1,41 m, xa que o camiño está en costa e, polo tanto, as alturas do monumento na banda esquerda son un pouco maiores ca na dereita.

O cadaleito exento, que aparece na parte superior, acada 1,16 m de fronte por 2,24 m de longo e 1,07 m de altura. O adecuado tamaño deste permite supoñer que no seu interior están acougando os restos mortais do que foi en vida o capitán Lopo dende a data do seu pasamento, hai, agora, século e cuarto.

Por último, a cruz maila base de coroaemento teñen 1,27 m de alto, dos que corresponde á cruz só 64 cm. A envergadura dos brazos acada 41 cm, sendo a súa circunferencia (perímetro) na parte do pao de só 21 cm.

Polo tanto, o monumento na súa cota maior, xa que se atopa, como dixemos, nun plano inclinado

respecto ó camiño de servizo ó camposanto, acada os 3,98 m, sendo a mínima de 3,65 m.

As medidas dalgúns dos elementos independentes utilizados como adobíos, dan para o óvalo que contén a lenda coa sinatura do mestre Xosé Cerviño, 38 cm no eixe maior (o vertical) e 29 cm no menor (o horizontal), mentres que cada un dos catro pináculos que adornan o paralelepípedo que fai de base a tumba exenta acada os 80 cm de altura.

Persoas enterradas no panteón do capitán Lopo

A base do panteón que sostén o cadaleito exento no que supoñemos que se atopan os restos mortais do capitán de farmacia do exército español, don José Lopo Piñeiro, e que amosa a forma dun paralelepípedo, está formada por dous andares que ten en cada un deles dous nichos, polo que en total hai catro lugares de enterramento na parte inferior do mausoleo. Na data da nosa visita ó camposanto de Aguasantas, o 15 de agosto de 2002, día da Asunción da Santísima Virxe e polo tanto festa local naquela parroquia, os catro nichos estaban ocupados por diversos cadáveres que,



Vista xeral do cadaleito do capitán Lopo, coas catro tumbas dos seus descendentes na parte baixa que modificaron a presentación do mausoleo coa introducción de elementos novos, como aluminio, vidro e aceiro inoxidable nos frontais dos nichos. Camposanto de Aguasantas (Cotobade).

segundo as lápidas de cabeceira de cada un deles, respondían a estas persoas:

1.º andar	Lado esquerdo	Lado dereito
	JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ PALLEIRO + 19-4-1994 A LOS 67 AÑOS DEP SU ESPOSA E HIJOS	DEP GLORIA LOPO MARTÍNEZ + 11-12-1965 A LOS 56 AÑOS RDO. DE SU ESPOSO E HIJOS
Ras do chan	JOSÉ LOPO MARTÍNEZ + 9-10-1978 DEP	FLORENCIO DURÁN MUÍÑOS + 27-3-80 A LOS 84 AÑOS DEP Rdo. ESPOSA E HIJOS

Estado de conservación e uso do panteón

Dista o seu estado, despois de 124 anos de existencia, de ser perfecto, pois a fachada principal foi moi modificada cos enterramentos levados a cabo na última metade do século XX, introducindo metais, vidros e placas de mármore que o desvir-

túan moito. O epígrafe do óvalo que preside o cadaleito do capitán farmacéutico lese con certa dificultade, debido, sobre todo, ás manchas irregulares que cobren a pedra. O panteón segue a recolle-los corpos da familia Lopo, como se deduce da simple lectura das placas de mármore que substituíron as tapas de pedra orixinais que cubrían os nichos inferiores.

¿PERO, QUEN ERA O CAPITÁN JOSÉ LOPO PIÑEIRO?

A verdade é que pouco sabemos sobre a súa persoa, pero algo deducimos da observación minuciosa do mausoleo do propio Xosé Cerviño García que nos vai aclarar-la súa especialidade dentro do exército español. Efectivamente, no sector alto e dereito daquel mausoleo, agora moi modificado na súa estrutura orixinal tras engadir-lle os seus descendentes un andar superior, como xa dixemos, hai un epígrafe que aparece fóra de lugar, que informa que aquela parte do panteón é “PROPIEDAD DE JOSE LOPO PIÑEIRO MILITAR DE FARMACIA”. Esta parte do monumento vese presidida por un relevo na pedra no que aparece esculpido un



Na parte do mausoleo que lle comprara o capitán Lopo ó mestre Xosé Cerviño García, mandou esculpir un quepis, un compás, unha espada e un bastón de mando, este dous últimos obxectos en posición cruzada, marcando un grande "X" sobre a figura do compás. Tamén hai dúas medallas en forma de cruz, situadas na parte superior, a un lado e outro do gorro castrense. Unha lenda gravada na pedra por fóra destes atributos militares, asegura que o panteón que ollamos é "PROPIEDAD DE JOSE LOPO PIÑEIRO, MILITAR DE FARMACIA".

gorro militar, unha espada, un bastón de mando e un compás, con dúas condecoracións ou medallas en forma de cruz. Deducimos, daquela, que o mestre Xosé Cerviño cando fixo o seu panteón familiar reservou para el a súa metade esquerda, os tres nichos situados cara a aquela banda, mentres que o cuarto llo vendeu ó capitán Lopo, o quinto a Hermenexildo Rivas e o sexto a Leonardo Villanueva, segundo podemos deducir da lectura dos letreiros superiores desa parte do

mausoleo que aínda seguen estando no seu sitio de sempre.

Así que o capitán Lopo era farmacéutico. No seu testamento deixou un legado para facer un novo mausoleo, encargándose da súa feitura Xosé Cerviño, que lle vendera xa unha pequena parte do seu propio panteón, no que posiblemente estivese enterrado aquel militar durante uns anos, ata o remate do novo.

NOTAS

1. O cemiterio máis antigo de Galicia é o de San Amaro da cidade da Coruña. Fíxose, segundo se indica na porta de entrada, no ano 1812. Antes desa data os cadáveres eran soterrados no interior das igrexas, baixo o enlousado destas. Os ricos cara ó altar maior e capelas laterais. Os pobres nos lugares próximos á porta de saída. Para darnos idea do nacemento dos cemiterios galegos, nos comezos do século XIX, proporcionamos aquí as datas dos máis antigos: o de Noia, que segue en antigüidade ó da cidade herculina, fíxose en 1817 e o de Allariz de 1821. Desa mesma data é o da vila de Melón, na provincia de Ourense, mentres que o parroquial de San Xurxo de Sacos (Cotobade-Pontevedra) é de 1836. Neste mesmo concello de Cotobade, o parroquial de Tenorio fíxose en 1842. O resto dos camposantos primitivos da nosa terra son todos eles da segunda metade do século XIX: Chavín (Viveiro), 1833; Pontevedra (cidade), 1879; Verín, 1886; Cangas, 1887; O Viso (Redondela), 1889; Vigo (Pereiró), 1898; Neda, 1899, etc. Datos tomados do traballo que titulamos: *Política cemiterial e aforismos dos cemiterios de Galicia, España e Portugal* (Fernández de la Cigoña Núñez, 2002b).

2. O mausoleo que construíu para a súa familia o mestre Xosé Cerviño, no camposanto de Aguasantas, engadíronlle os herdeiros, posteriormente á morte do seu artífice, un segundo andar, que como se pode apreciar na fotografía que proporcionamos no presente traballo, pouco tiña que ver co primeiro, pois carece dos adobios das tapas, da orla superior en forma de cordón, así como das columnas rectangulares simuladas ás bandas de cada parella de nichos. Esta maior altura da parte esquerda do panteón, que soamente lle afectou á sección que se reservara o escultor, rachou definitivamente o proxecto orixinal que concibira o propio mestre Cerviño. Por debaixo do banco corrido, a ras mesmo do chan que serve de camiño, está o recinto destinado para garda-las cinzas dos defuntos máis antigos. Probablemente, ante a falta de lápida anunciando o lugar concreto de repouso do mestre canteiro, debemos pensar que os seus ósos se atopan nalgún destes tres lugares situados baixo a bancada.

3. Miguel Ogando Rei fixo o túmulo de Xosé Garrido no cemiterio de Carballedo (Cotobade), nunha data indeterminada, pero posi-

blemente a principios do século XIX. Coróase por un ataúde de pedra que descansa sobre seis esferas. Nunha especie de escudo, que aparece pola parte alta e dianteira do monumento, deixou gravado para quen quixer: *"FUE/ MAESTRO MIGUEL/ OGANDO Y REI"*. Un neno Xesús de pé, en actitude falante e coa bóla do mundo na man esquerda, remata a parte superior deste monumento que foi trasladado do vello cemiterio, a carón da igrexa parroquial de San Miguel, para o novo, cando se fixo a mudanza á que obrigaban as leis. Bastante posterior no tempo é o mestre canteiro Francisco García Sobral, que se achegou xa á metade do século XX, pois fixo o seu propio túmulo no ano 1929, segundo unha gravación que aparece na súa parte traseira: *"FUE MAESTRO/ FRANCº GCLIA. SOBRAL"* e que parece enteiramente copiada do anterior epígrafe. Áchase este monumento igualmente no cemiterio novo de San Miguel de Carballedo (Cotobade) e o seu artífice compárteo coa familia de Villarmino Penelas Sieiro, de xeito que el se reservou a banda dereita e vendeu a esquerda. Esta forma de subvencionarse tamén a utilizou Xosé Cerviño García no seu momento, cando se reservou a banda esquerda do seu panteón e lles vendeu a tres familias diferentes a dereita.

4. O doutor Manuel Gómez Martínez faleceu o 4 de xaneiro de 1934 e aínda que a lápida da súa tumba non indica os anos que tiña cando aconteceu o óbito, supoñémoslle unha idade de 80 anos, resulta que en 1876, cando Xosé Cerviño asinou o mausoleo de Eiras, tería 54 anos e bastante máis se lle adxudicamos menos anos cando o seu pasamento. O panteón do doutor Gómez púdo facer bastantes anos despois do mausoleo de Eiras. O emblema médico: dúas serpes enroladas e dúas copas, preside o mausoleo baixo un epígrafe que di: *Propiedad de Dn.º Manuel Gómez Martínez/ Licdo. en Medicina e Cirug.º*.

5. Debemos salienta-la repetición do apelido Villanueva tanto no panteón propio que Xosé Cerviño fixera para os seus en Aguasantas coma aquí en Santiago de Antas. Efectivamente o último dos nichos que forman corpo co panteón do propio Xosé Cerviño estaba destinado, segundo o epígrafe que aparece na parte alta, a Leonardo Villanueva, seguramente parente do carpinteiro Lino Villanueva de Santiago de Antas.

BIBLIOGRAFÍA EXCLUSIVAMENTE CITADA NO TEXTO

- Castelao, A. D. R.** 1949. *As cruces de pedra na Galiza*. Editorial Nós. 282 pp. Bos Aires.
- Eiroa Hermo, E.** 1964. El cruceiro de Hífo, verdadeira maravilla. La obra de Cerviño en Cangas. Xornal: *Faro de Vigo*: 30-VIII.
- Fernández de la Cigoña Núñez, E.** 2002a. Dúas achegas ó catálogo dos Cerviño: o panteón de Antas (A Lama) para Xosé e mailo cruceiro xubilar do Poste da Franqueira (A Cañiza) para Ignacio. *Pontevedra, Revista de Estudos Provinciais*, n.º. 17: 179-190.
- Fernández de la Cigoña Núñez, E.** 2002b. Política cemiterial e aforismos dos cemiterios de Galicia, España e Portugal. *Pontevedra, Revista de Estudos Provinciais*, n.º. 17: 37-78.
- Fernández de la Cigoña Núñez, E. & F. Loira de Tresa-deas.** 2002c (No prelo). *Buscando a González, atopámonos con Gómez. Esteban Gómez e Manuel González dous santeiros destacados do seu tempo*. Edita: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE) & Instituto Galego de Estudos Mariños (IGEM). Vigo.
- Fernández Pintos, X.** 1999. A obra de Xosé Cerviño García en Ponteareas. *Pregón (Hoja divulgativa del Stmo. Corpus Christi)*: 13-17. Ponteareas.
- Fraguas Fraguas, A.** 1974. *Gran Enciclopedia Gallega*. Tomo VI. Voz: Cerviño García, José: 147-148. Silverio Cañada, Editor. 256 pp. Santiago.
- Solla García, A. M.** 1969. *Resumen histórico del Santuario de Nuestra Señora de Aguassantas -Cotovade-y novena a la misma Santísima Virgen*. Imprenta C. Peón. 156 pp. Pontevedra.